

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 13 DE XUÑO DE 2019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as catorce horas e quince minutos do día 13 de xuño de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; D^a Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D^a Juana Romero García, D^a Magdalena Ron Villar e D^a Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 25 E 29 DE ABRIL DE 2019

Ponse de manifesto aos srs. concelleiros as actas das sesións plenarias celebradas os días 25 e 29 de abril de 2019.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de ditas actas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

Por último, o Alcalde agradece a tódolos concelleiros da Corporación o traballo e adicación manifestados ao longo da presente lexislatura, desexándolles sorte na súa vida persoal e profesional a aqueles que non se integrarán na vindeira corporación.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as 14:30 minutos, e da que eu, Secretario, extendo e asino o presente acta co visto e prace do Alcalde.

Asdo.: O Secretario

VºPº; O Alcalde